

O NADAL DOS POETAS

INVÍTAME a asociación “José Domínguez Guizán” de Begonte a falar do seu Nadal. E fágoo consciente de que o feito cultural begontés paga a pena divulgalo. Nesta pequena vila lucense desenvólvense, chegando este tempo, unha chea de actos arremuiñados arredor dunha extraordinaria representación do nadal do Señor, ambiciosa creación dotada de fermosura plástica, de movementos e de simboloxía suficiente para ser a representación do Nadal propiamente galego.

Obra de moitos anos de traballo, filla da crenza no que se pode facer se se ten fe na obra que se persegue, o que alí se amosra ós visitantes está enraizado na cultura propia dunha Comunidade que soubo ver desde a óptica da súa experiencia vital ó longo dos séculos o que pasou na aldea de Belén. Só así puido convertelo en algo tan cercano e partícipe da nosa paisaxe, do noso ciclo agrícola, da nosa paisanía e, por extensión, de todo o que é máis de noso.

Entrañablemente galego viron tamén o Nadal os mellores poetas da terra. Así, Ramón Cabanillas, no retábulo “A ofrenda das fadas no portal de Belén”, pon a falar das nosas cousas, perante o Meniño, ás oferentes fadas galegas, prototipos da nosa busca insistente de elementos mediadores. A fada dos campos –“que anda por agras e leiras / vixiando as sementeirias / baixo a raiola do sol”–, tráelle un feixe de flores. A das augas –“que bota a andar barulleiro / o rodicio do muíño / e bica as veigas de liño / sempre a correr cara ó mar”– pídelle que nos encha os fogares de pan. A da montaña –“que cuida as flores do toxo / e os ca-

rrascos recedentes / onde as abellas firentes / veñen a chuchar o mel” –, ofrécelle “un añiño venturoiro / ó que un lobo carniceiro / quixo no monte roubar”. E, finalmente, a do mar –que vive “nas encantadas ribeiras / onde as ondas prateiras / veñen a bicar os cons” –, faille unha petición moi de noso: “Señor, cando o mar se erga / entre o fervor das escumas / e nas neboentas brumas / ouvee o leste traidor / , Señor, acalma a tormenta / e ós que loitan mar afora / dalles unha boa hora: / tráenos a porto, Señor”.

E Álvaro Cunqueiro, nun poema rescatado pola revista mindoniense “Amencer”, conta tamén desde a nosa experiencia galega o embarazo de María e o misterioso parto de Belén: “Primeiro foi o Anxo que falou a María: / nove meses de sono ata que veu o día. / Pasou a primavera, e que ben frolecia. / Pasou tamén a sega que moito pan había. / Logo veu a vendima e o magosto dourado. E o viño novo en cuncas na adega foi catado. / E estando o outo cume de outo neve nevado, / en Belem o noveno mese lle foi contado: / naceu dom Xesucristo, de todos é loubado”.

E teño eu ben por certo que cabo a fermosura do Nadal de Begonte onde se representan cousas tan nosas e tan ó noso xeito, os visitantes han ter a sensación de estaren, xa que logo, perante o mesmísimo nadal dos nosos grandes poetas.